



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VEDRA

##### Secretaría-Intervención

*Denominación honorífica Campo de Fútbol Municipal do Coto Juan Castro*

##### ANUNCIO

O Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día 30 de abril por unanimidade acordou o seguinte:

Dáse conta do escrito presentado pola entidade U.D. Val do Ulla, na que con motivo do recente pasamento do veciño da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, D. Juan Manuel Castro Fernández, e tendo en conta o seu traballo en prol da veciñanza de maneira totalmente altruísta e desinteresada nos últimos 40 anos, tanto nas asociacións veciñais coma no fútbol e na música.

Amante do fútbol e da música, destacou como presidente dos equipos Airiños do Ulla C.F e Boqueixón – Airiños C.F., en varias das súas fases, sendo dirixente case toda a súa vida, sendo presidente na última época da U.D. Val do Ulla ata que a súa saúde llo permitiu.

No momento do seu falecemento era Presidente dende facía máis de 15 anos da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla do Concello de Vedra, levándoa a lograr metas dificilmente soñables na súa fundación, sen esquecer a súa relación coa Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, na que sen ser músico era un membro máis dela.

Pola súa traxectoria e á proposta da asemblea extraordinaria de socios da U.D. Val do Ulla, celebrada o día 16.03.2025, propónse ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a proposta de denominación honorífica do Campo de Fútbol de O Coto como Campo de Fútbol Municipal do Coto “Juan Castro”

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública por prazo de vinte días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>) e no taboleiro de anuncios do concello.

De non presentarse alegacións no trámite de información pública, o acordo elevarase á definitivo.

Vedra, 2 de maio de 2025

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

2025/2745